

**IDEAS**  
**PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
**16 ABRIL 2023**

**Tomé desde as súas dúbidas  
e preguntas dinos Cristo VIVE**

**1. VER: Confiamos en moitas persoas**

- Ao longo do día fiámonos de moitas persoas que nos serven o que necesitamos: os iogures, o pan, o café, os flocos de millo, o garda que regula o tráfico...
- Dos amigos verdadeiros fiámonos, confiamos neles, non poñemos en dúbida nada dos que nos din. O mesmo pásanos cos nosos familiares

*Son dignos de confianza os teus amigos?  
Decepcionoute alguén no que confías?*

**2. XULGAR: Tomé coas súas dúbidas dinos Cristo vive**

- No evanxeo de hoxe, tras a morte de Xesús os discípulos estaban encerrados por medo aos xudeus, só faltaba Tomé. Xesús aparecéuselle a todos eles pero Tomé non creu o seu testemuño e dicía: ***“Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo”***. Logo Xesús aparecéuselle a Tomé e díxolle: ***“Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente”***. Tomé contestou: ***“Meu Señor e meu Deus!”***.

**QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- Cada domingo reunímonos os cristiáns porque Cristo Resucitado faise presente no medio de nós. O domingo é a

**fiesta da comunidade** que se reúne con Xesús. Cada domingo alimentamos e fortalecemos a nosa fe, sos perderíámola.

- Neste domingo é **Tomé o que nos anuncia que Cristo VIVE**, non se fía do testemuño dos seus compañeiros e pensa que se non o vexo non o creo, se non toco os seus buracos... Un pouco parecido a nós que estamos uns pouco cegos e temos dúbidas, cústanos crer, Que cres que fariamos nós no seu lugar?
- **A fe é crer** en Xesús, é fiarnos del, aprender a velo cos ollos do corazón, descubriilo presente na nosa vida e aínda que haxa dificultades responder como Tomé: “Meu Señor e meu Deus”, ou sexa, creo, confío. Tomé, a pesar das dúbidas, afirma que vive.
- Pero non esquezamos que necesitamos a comunidade, nela **formámonos** (catequese), celebramos a fe (liturxia) e **transformamos** o mundo (Cáritas)... Sen comunidade, sen grupo de fe, cansámonos e deixámolo... Tomé recuperou a fe grazas á comunidade.

***Que nota lle darías á túa fe?  
Por que? Como fortalecela?***

### **3. ACTUAR: Anuncia que Cristo vive**

- **Sé puntual ás celebracións:** prepárate para o encontro con Xesús, ofréceche para que sexan máis participados os actos, pon toda a alma.
- **Celebra a túa fe en comunidade:** esta non é “a túa misa” senón que celebramos algo común, non todos fan todo pero todos participamos como unha sinfonía.
- **Anuncia “vimos ao Señor” e reza** polos que como Tomé están ausentes da reunión da comunidade e perden a fe.
- **No silencio da consagración** di como Tomé: “*Meu Señor e meu Deus*”.

***Que imos facer?***

# LECTURAS

**FEITOS 2, 42-47** *Os crentes vivían todos unidos e tiñano todo en común.*

**SALMO 117:**

*Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.*

**I PEDRO 1, 3-9:** *A resurrección de Cristo fíxonos nacer para unha esperanza viva.*

**XOÁN 20, 19-31:** *Aos oito días, chegou Xesús*

**XOÁN 20, 19-31:** *Aos oito días, chegou Xesús*

**Narrador:** Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

**Xesús:** - *Paz convosco.*

**Narrador:** E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de alegría ao ver ao Señor. Xesús repetiu:

**Xesús:** - *Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu.*

**Narrador:** E, dito isto, exhalou o seu alento sobre eles e díxolles:

**Xesús:** - *Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoes os pecados quedan perdoados; a quen llos reteñades, quedan retidos.*

**Narrador:** **Tomé** un dos Doce, chamado o Xemelgo, **non estaba con eles** cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

**Discípulos:** - *Vimos ao Señor.*

**Narrador:** Pero el contestoulles:

**Tomé:** - *Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu costado, non o creo.*

**Narrador:** Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e díxolles:

**Xesús:** - *Paz convosco.*

**Narrador:** Logo díxolle a Tomé:

**Xesús:** - *Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente.*

**Narrador:** Contestou Tomé:

**Tomé:** - *Meu Señor e meu Deus!*

**Narrador:** Xesús díxolle:

**Xesús:** - *Porque me viches criches? Ditosos os que crean sen ver.*

**Narrador:** Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. **Estes escribíronse para que creades** que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo teñades vida no seu nome.

***Palabra do Señor***

**(Narrador-Xesús-Discípulos-Tomé)**